




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: A Capelada. Concello: Cedeira. Parroquias: principalmente Santalla de Cervo, e no extremo sur pequenas superficies das parroquias de Santa María de Régoa e Santa María do Mar de Cedeira. Extensión: 5,24km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Trátase dunha unidade alargada que segue o val principal do río Condomiñas. O curso fluvial aséntase sobre unha liña preferente litolóxico-tectónica que se abre en dirección cuasimeridiana. A apertura do val vai diminuindo cara ao norte, minimizándose o fondo plano que presenta cara ao sur, onde alcanza case os 500m. A escavación facilitada pola debilidade tectónica e a resistencia diferencial litolóxica permite desniveis de aproximadamente 300m cos Montes de Candieira, ao oeste, e entre 150m e 225m no flanco oriental do val. No extremo norte, o Monte Tarroiba de 378m sobre o nivel do mar, parte alta dos mega cantís da costa exterior, separa a unidade do mar. As pendentes, que no fondo do val non superan o 10%, nas vertentes de Candieira teñen frecuentemente cifras de entre o 30% e o 50%, podendo superar esta última.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade completamente integrada por rocas do Complexo de Cabo Ortegá, en concreto, desde o Río Condomiñas cara ao Oeste, por rocas metabásicas en facies granulítica e, menormente, anfibolítica. Do Condomiñas ao Leste aparecen gneises de dous micas, dos períodos Precámbrico e Cámbrico, do mesmo xeito que as rochas metabásicas. No extremo oriental da unidade existen varios enclaves dun granito de dous micas moi deformado, de Idade hercínica. As elevacións do oeste da unidade forman parte, probablemente, dun anticlinal.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

A influencia oceánica que penetra a través do val do río Condomiñas motivou que gran parte da unidade pertenza ao dominio climático Cálido e Seco caracterizado por valores medios anuais de temperatura sempre por encima de 14°C (ata >15°C na contorna fluvial) e de precipitación acumulada entre 800mm e 1000mm, e cunha oscilación térmica ata inferior a 12°C. Tan só nos puntos máis elevados (montes Candieira, Tarroiba ou Coto Palmido) hai un lóxico incremento da precipitación (de 1000mm a 1200mm ao ano) e un lixeiro descenso das temperaturas medias que en todo caso non baixan dos 12°C, polo que estes sectores adscribíense a un ambiente Tempado e Subhúmido.

OS SOLOS

A natureza básica e metamórfica do substrato rochoso dá lugar ao dominio da fracción fina en boa parte dos solos desenvolvidos na unidade. Como consecuencia destes condicionantes litolóxicos, alcanzan gran extensión os solos tipo acrisol órtico, especialmente en torno ao val principal do Río Condomiñas. Cara á cabeceira da conca, o factor máis limitante para os procesos edafoxenéticos é a topografía, de maneira que co incremento da pendente os perfís fanse máis esqueléticos ata o punto de que chegue a aflorar o substrato rochoso, dando lugar aos solos máis pobres do tipo leptosol lítico, moi frecuentes contorna ao Monte Candieira.


AS AUGAS

Unidade adscrita ao curso medio do Río Condomiñas que describe un trazado case rectilíneo de dirección xeral S-N. A súa conca é disimétrica, encadrada polas elevacións dos Castros, Candieira, de Vilar e Tarroiba ao oeste, e o Coto Palmido ao leste. As vertentes laterais presentan vaguadas con regatos de escasa significación.

O PATRIMONIO NATURAL

O extremo N. da unidade inclúese no LIC Costa Ártabra. A pesar da importancia ecolóxica da Capelada, o patrimonio natural non deixa de presentar notorios signos de degradación. A masificación e extensión dos eucaliptais non permitiu a conservación dos bosques autóctonos, que desapareceron case por completo. Neste sentido, só é posible destacar o estreito e lineal bosque de ribeira do Río Condomiñas, que actúa como corredor ecolóxico da zona. A conservación dos usos agrícolas neste sector non deu moito pé á aparición de masas de recolonización, aínda que existen algunhas e os propios lindes das leiras contan con especies cuxa continuidade ofrece tamén potencial ecolóxico. No fondo do val, sobre todo a medida que imos cara ao sur da unidade, é posible atopar prados húmidos cuxos hábitats potenciais son o 6420 e o 6430. No extremo norte xunto ás formacións específicas ripícolas e de matogueira, existe un área de expansión da especie *Festuca brigantina* supsp. *actiophyta*.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A meirande parte da unidade está ocupada por arborado de repoboación que a modo de orla rodea o mosaico de cultivos que ocupan o sector central, en torno ás pequenas entidades de poboación presentes -Vilas, O Covo, Carreiro, etc. Estes cultivos están a ocupar as terras agrónomicamente máis aptas, que a súa vez determinaron as lóxicas de asentamento das aldeas. Pequenos rodais de formacións ripícolas e hidromorfas completan a matriz de usos.

MORFOLOXÍA

As formas están determinadas polos fortes condicionantes impostos pola topografía e o valor agronómico do solo. A rede de asentamentos e as teselas de cultivos asociados ocupan os terreos máis aptos, próximos á cunca do río Condomiñas. O conxunto de aldeas que conforman a estrutura de asentamentos está composto por pequenas aldeas próximas entre si emprazadas a media ladeira en torno á agra de cultivo de reducidas dimensións. Presenta, en definitiva unha estrutura compacta e de carácter agrario.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A unidade presenta una rede sinxela de camiños vertebrados a partires da estrada C 2204 que cose ás diferentes aldeas e asentamentos que se aliñan en dirección suroeste nordeste.

PATRIMONIO HISTÓRICO

No que respecta ao patrimonio arqueolóxico cumpre subliñar a presenza do Castro de Magoira e o xacemento de época romana. O panorama patrimonial complétase cos bens inmoables de Cerro, a súa igrexa, o cruceiro de Santalla e o hórreo de de Corredoira.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Atopámanos nun escenario no que a variable xeomorfolóxica é determinante na definición do seu carácter. A organización actual artículase en torno ao entramado parcelario, moi fragmentado e, sobre todo, en relación á explotación forestal que representa a maior porcentaxe de ocupación do solo.

DINÁMICA DA PAISAXE

As dinámicas da paisaxe seguen a estar dominadas polas actividades vinculadas ás agras e á explotación forestal. O tramo alto do curso do Condomiñas acolle pequenos asentamentos nos que perviven usos e costumes propios dunhas paisaxes moi marcadas polo illamento da propia serra da Capelada.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

É unha paisaxe enmarcada no singular conxunto de Serra de Capelada. A unidade que nos ocupa recolle a transición, a través do val do río Condomiñas desde a liña de costa ata o cumio deste espectacular escenario montañoso. As singularidades xeolóxicas e xeomorfolóxicas contribúen, xunto á ocupación e usos tradicionais, a converter estas paisaxes en atractivos escenarios.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.











ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.







ÁMBITOS DE RECUALIFICACIÓN

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |











Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



